



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do trinta de marzo de dous mil dezasete, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste a concelleira Dona Dona María Isabel García Pacín.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o trece de marzo do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o trece de marzo, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- MOCIÓNS.- De seguido procederáse ao estudo, debate e votación das mocións presentadas polo Grupo Socialista.

"O Concelleiro Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2. da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN relativa a:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO I.B.I. NO CONCELLO DE FRIOL CON BASE NA SEGUINTE EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


- *O I.B.I., popularmente coñecido como "contribución" é un dos impostos propios dos Concellos.
- A lexislación vixente permite aos Concellos decidir o tipo impositivo a aplicar ao valor catastral dos diferentes bens, tanto no I.B.I. de urbana, como no I.B.I. de rústica.

O Concello de Friol, vén de pasar un proceso de regularización catastral que significou un importante incremento do que os veciños e veciñas viñan pagando en tal concepto.

Ademais, o Goberno Municipal co apoio único do Grupo Municipal do Partido Popular, decidiu modificar a ordenanza fiscal reguladora do I.B.I. de urbana de tal xeito que cando o tipo impositivo era do 0.45€, se pasou este ao 0.6%.

Julio González Casanova (1 para 2)
Secretario - Interventor
Data de Sinatura: 04/05/2017
HASH: 9d27f88502d4e47e83d4794c06c3424

José Ángel Santos Sánchez (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 04/05/2017
HASH: cbe3e324e41857e8f963d2238d61f





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Na actualidade está chegando aos domicilios friolenses a liquidación dos atrasos froito da regularización catastral e, con elo,ponse de manifesto o que o Grupo Socialista viña decindo dende que se coñeceu que Friol sería regularizado, que os veciños e veciñas se verían obrigados a pagar cantidades moi elevadas por este concepto, sendo para moitos un problema, e non só en este ano, senón que nos vindeiros.

Dende o Goberno Municipal téñense posto diferentes escusas para xustificar esta subida. Entre elas que o concello ten que manter os ingresos (aunque esta medida significa un incremento importante nos mesmos) para prestar servizos, os cales tampouco se viron mellorados substancialmente dende a subida do imposto.

O Grupo Provincial Socialista propuxo no seu día manter o tipo impositivo no 0.45 e aplicar diferentes bonificacións, entre outras a do 95% aos inmobles nos que se realizase actividades agrícola ou gandeira. Nalquel momento o Goberno Municipal non soubo ou non quixo ver o positivo da proposta e rechazouna, aunge posteriormente promoveu a modificación da ordenanza nese sentido. Lamentablemente significou que a bonificación se aplicase con un ano de retraso do que poidera ter sido se se aprobase cando o propuxo o Grupo Municipal Socialista.

A realidade hoxe é que os veciños e veciñas de Friol pagan máis polo I.B.I. que o que pagaban antes.

Por outro lado, na Deputación de Lugo ven de aprobar un Plan único que dota de recursos económicos a todos os Concellos da Provincia, e a través do cal Friol recibirá 372.219,333€ para a prestación de servizos e investimentos de competencia municipal. Esta cantidade significa máis do 10% do orzamento municipal, o cal é un fluxo de ingresos que permite suavizar a fiscalidade no Concello de Friol.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora do I.B.I. establecendo como tipo impositivo para o I.B.I. de urbana no 0.4%."

Unha vez que se conclúe o turno de intervencións, someteuse a votación a moción presentada. Sometida a votación ordinaria, obtense sete votos en contra (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista), polo que por acordo do Pleno, a moción queda rexeitada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do concelleiro Sr. Santos Ramos, dicindo que unha vez mais se fala do I.B.I., da contribución, no concello de Friol. Sen estenderse moito mais sobre a exposición de motivos da proposta, pon de manifesto que desde que se incrementou o tipo de gravame do 0,45 ao 0,60, o Grupo Socialista ven mantendo a mesma postura, pedindo a flexibilización da fiscalidade en diferentes lugares, segundo os servizos que se presten, e as bonificacións para outro tipo de construcións, xa aprobadas polo Pleno. Insisten en solicitar que se deixe o tipo do I.B.I. como estaba no 2012, sen que sirva como motivo que o concello necesita ingresos para realizar obras e actividades. Engade que este ano, o concello contará cunha importante axuda da Deputación, o Plan Único, polo importe de 372.219,33€, que supón mais un 10% do orzamento do concello de Friol. Pon de manifesto que, polo tanto, estase, ante un escenario distinto, e a falta de ingresos queda subsanada, polo que o concello podería rebaixar a presión fiscal aos veciños. Engade que este ano a carga fiscal é moi importante, xa que se está coas liquidacións derivadas da regularización catastral, o coñecido como "catastrazo", polo que propoñen modificar a ordenanza reguladora, establecendo como tipo impositivo para o I.B.I. de





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

urbana o 0.4%. De aprobarse en tempo e forma, podería entrar en vigor o ano que ven, sen prexuízo de outras bonificacións que se puideran establecer. Conclúe dicindo que, á vista do incremento de ingresos que resulta da achega da Deputación Provincial, así como das achegas que se poidan xestionar de outras administracións, non habería problemas para rebaixar o tipo, sen merma na prestación dos servizos.

Seguidamente, intervén o Sr. Alcalde. Comeza dicindo que o equipo de goberno vai opoñerse, xa que non é o momento axeitado para elo. Di que a lexislación vixente permite ás entidades locais, establecer un tipo de gravame entre o 0,40% e o 1,10%. Neste concello desde o ano 2013, aplícase o 0,60%. No acordo adoptado polo Pleno en setembro de 2016, acordouse adecuar o tipo impositivo de urbana, ao que se viña aplicando nos anos 2013, 2014 e 2015, segundo o establecido no art. 8 do R.D lei 20/201, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que fixou un tipo mínimo de gravame para o ano 2013, continuando a súa aplicación nos dous exercicios seguintes, así como na actualidade, sen que fora incrementado desde o 2013. O único incremento neste período, foi a aplicación do coeficiente de actualización, fixado no 1,1%, cando en algún concello gobernado polo PSOE, como por exemplo Ourense, aplicaron o 1,13, o mais alto da provincia, ou en Ribadeo, gobernado polo BNG aplicaron o 1,1. Di que en función do ano da última revisión catastral o coeficiente ten carácter obrigatorio, quedando poucos concellos sen a súa aplicación.

Seguidamente refírese aos atrasos que teñen que pagar os contribuíntes, que resulten afectados polas altas ou actualizacións dos bens de natureza rústica, que son consecuencia da aplicación da lexislación vixente, que obriga ao pago dos últimos catro anos como máximo, sen recargo, polo que soamente será este ano, non os vindeiros. Quere facer constar que el e o seu equipo de goberno, están en total desacordo con esta medida que está levando a cabo o Ministerio de Facenda, non compartindo nin as formas nin o fondo, pero nada poden facer ao respecto as administracións locais.

Continúa dicindo que o Grupo Socialista está mezclando conceptos, xa que da a entender que propuxo no seu día manter o tipo impositivo no 0,45%, e aplicar bonificacións do 95% aos inmobles para actividade agrícola ou gandeira. O tipo impositivo para os inmobles rústicos e o 0,60%, que está fixado desde o ano 2001. Si é certo que pediron unha bonificación, e tamén que xa está aprobada, cando o goberno municipal, despois de un estudio económico axeitado e de comprobar esta posibilidade, considerou a súa oportunidade, para favorecer ao sector primario, principal motor da economía do concello. Engade que para ese ano mais de 160 familias xa se verán beneficiadas pola aplicación da bonificación, cando na sesión de outubro do pasado ano o portavoz do Grupo Socialista afirmaba que non ía estar en vixencia no ano actual. Seguidamente quere aportar datos sobre os tipos de gravame de urbana, que se aplican en concellos da provincia de Lugo, gobernados polo PSOE: Fonsagrada (0,60), Lugo (0,67), Meira (0,66), Monforte (0,65), Negueira de Muñiz, Pastoriza e Ribas do Sil (0,60), Viveiro (0,72). Todos eles poderían estar no mínimo, no 0,40%, pero non están dando exemplo en materia económica. Conclúe a súa intervención, referíndose a que en Andalucía, gran reserva do partido socialista, cunha renda percápita inferior a Galicia, a porcentaxe de recargo media interprovincial é do 35,63, sendo a de Galicia o 33,75 (segundo datos do





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

2016), polo que non se caracterizan por ter impostos inferiores a onde goberna o partido popular.

A continuación intervén novamente o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Di que resulta sumamente interesante a evolución do discurso do Sr. Alcalde. Agora di que non é o momento adecuado, pero sen explicar as razóns polas que é inadecuado. Di que no ano 2013, o tipo de gravame establecido na ordenanza municipal, incrementouse por imposición do goberno de Rajoy, nunha lei que contiña un paquete de medidas para a corrección do déficit público. Non obstante, unha vez concluído o prazo establecido, a disposición deixou de ter efecto, e podería seguirse co 0,45% establecido na ordenanza, tendo en conta que se trata de un concello que presume de economía saneada e non ter déficit. Engade que non se pode confundir o coeficiente de actualización e tipo impositivo, tendo o concello autonomía para aplicar entre o mínimo e o máximo, podendo modificar o tipo establecido, non tendo tantas facultades no referente á valoración catastral.

No que se refire ás bonificacións do 95% para as construcións de rústica, afirma o concelleiro, que de aprobarse con anterioridade, os veciños poderían terse beneficiado das mesmas no ano 2016, e non no ano 2017, non tendo constancia de se foron respostadas todas as presentadas, e nalgúns casos quedarán para 2018.

Continúa na súa intervención, dicindo que considera inadecuada ou irrespetuosa coa autonomía local, comparar a actividade do concello de Friol, coa de outros concellos. O Sr. Alcalde, na súa intervención, tivo a inconsciencia de comparar o tipo impositivo co establecido por outros concellos, pero non comparou os servizos que presta o concello de Friol, cos que presta, por pór algúns exemplos, o concello de Lugo, ou o de Monforte, ou o de Fonsagrada, que ten circunstancias xeográficas e demográficas moi distintas das de Friol. Cita tamén o caso de Ribas de Sil, cunha poboación moi reducida e os servizos que presta. No caso de comparar a fiscalidade, hai que comparar o retorno que ten aos veciños o cobrado, en investimentos, servizos e actividades.

Insiste o Sr. Santos Ramos, en que cabe a posibilidade de suavizar a presión fiscal, que é o que piden e o permite a lei, dentro da autonomía local e sen compararse con ninguén, non habendo problema en que sexa vanguardia en elo. Reitera que é o que pide o Grupo Socialista, aínda que o equipo de goberno non está de acordo e teñen a maioría para aplicar o que consideren oportuno. Reitera, tamén, que se ve con claridade que non hai risco económico para o concello no caso de rebaixar o tipo. Conclúe dicindo que, xa que o equipo de goberno ten claro o que ten que facer, non hai mais que engadir.

A continuación intervén novamente o Sr. Alcalde, dicindo que o equipo de goberno actúa pensando a longo prazo, non a corto prazo. Eles actúan en conciencia, pretendendo sobre todo a potenciación do sector primario, predominante no concello. Gostaríalle deixar os tributos ao mínimo, se puideran. O que non quere e recortar en servizos sociais, investimentos, axudas, etc, non queren repartir pobreza para todos.





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No que se refire ao Plan Único da Deputación, dio Alcalde que a mesma pasou a realizar un reparto un pouco mais xusto entre os concellos da provincia. Aparte de outras consideracións ao respecto, afirma que non se deben mezclar os recursos que o concello poida obter cos seus impostos, coas achegas que poida aportar a Deputación Provincial, sobre todo cos vaivéns derivados da súa composición política, polo que non se pode garantir a súa continuidade. Pensa que se debe xestionar con seriedade e de un xeito riguroso, segundo a capacidade económica da entidade, e non de achegas que se poidan percibir nun momento si e noutro non. Quere facer constar, que non lle doen prendas en alabar o plan da Deputación, os criterios empregados no seu reparto, como por exemplo o número de núcleos de poboación ou a dispersión. Conclúe dicindo que o seu grupo rexeitará a moción, aínda que non pechan a porta a que en outro momento se leve a cabo algunha iniciativa ao respecto. Coa súa intervención, cérrase o debate e procedeuse á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado.

“O Concelleiro Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2. da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA FREAR O DETERIORO DA CASA TORRE DE FRIOL E A SÚA POSTA EN VALOR CON BASE NA SEGUINTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pazo e Torre de Friol, situado na capitalidade do Concello na estrada que leva a Palas é unha magnífica construción, que se ben realizada en distintas etapas construtivas, ten a súa orixe nunha torre medieval, sendo considerada por diferentes estudosos como unha das máis antigas da provincia, téndose levantado seguramente nos primeiros anos do Século XIII, sen descartar que substituíse a unha anterior.

Unha edificación de alto valor patrimonial contrastado por diferentes estudosos que se enclava no entorno urbano da Vila de Friol e que actualmente se encontra nun estado de deterioro avanzado e progresivo, sendo visible para calquera derrubamentos de parte da edificación e risco para outros.

Son moitos os visitantes ó noso concello que se achegan a ver esta edificación da que non poden observar máis ca unha estrutura abandonada e en perigo de desaparecer completamente. Tamén é evidente o risco para aqueles que intrepidamente pretendan acceder ó seu interior para observar elementos arquitectónicos ou espazos como o pazo, a bóveda de canón do arquivo, a capela ou outros.

O estado de deterioro da construción é evidente, o que pode significar un risco para a propia construción pero tamén para os usuarios da vía e do entorno, non podendo descartar novos derrubos de consecuencias descoñecidas.

Este elemento patrimonial no Concello de Friol, de altísimo valor patrimonial arquitectónico e cultural, podería servir de revulsivo turístico, económico e social para o noso Concello, podendo polas súas características de dimensións, localización, espazos construtivos e terreos ser de utilidade para diferentes usos, incluso compatibles entre sí que redundasen en beneficio do Concello en diferentes eidos.

Incomprensiblemente este elemento patrimonial non conta coa declaración de Ben de Interese Cultural por parte da xunta de Galicia, cando outros elementos de similares características, anque un estado de conservación moitísimo máis óptimo, como a Torre de





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

San Paio de Narla (de titularidade pública) e a Torre de Miraz (de titularidade privada) si contan con esa calificación, que cando menos, garante que se vele pola súa conservación.

Polo exposto, e vista a importancia que para o Concello de Friol, representa a Casa Torre de Friol, propoñemos a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a que declare como B.I.C. (Ben de interés Cultural) a Casa Torre de Friol, para o que o Concello de Friol, colaborará con cantos trámites corresponda.
- Realizar, en colaboración co propietario, un estudo técnico do estado de conservación da Casa Torre de Friol e do risco de derrubamento que pode existir na mesma para avaliar os riscos que podan existir para as persoas tanto no seu perímetro como no interior.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar riscos para as persoas e usuarios da vía e do entorno.
- Estudar as posibilidades de acadar a titularidade pública da Casa Torre de Friol, por parte do Concello de Friol atendendo á utilidade pública que a mesma pode ter para o Concello.
- Elaboración dun plan ou proxecto de posta en valor, aproveitamento e utilización da Casa Torre de Friol ligado a fins turísticos, culturais e/ou sociais que sirvan como estímulo económico e de emprego no Concello de Friol."

Comeza o turno de intervencións coa exposición da moción polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Comeza a mesma, no senso de recoñecer o valor patrimonial da casa torre, sita na capitalidade do concello, iniciativas que xa se presentaron e non se teñen materializado. Refírese a que na pasada lexislatura, presentouse unha moción do seu grupo e cunha manobra pseudo política pediuse que fora retirada, xa que existía a posibilidade de chegar a un acordo ao respecto da edificación. Nos medios de comunicación recolléronse manifestacións do anterior Alcalde, no que se facía constar o interese de algúns inversores de facer algo na casa torre, e o único que quedou foi a publicidade nos medios.

Polo tanto traen de novo a proposta, que contempla varias medidas, en orde a recoñecer o seu valor, abrir diálogo, a súa posta en valor instar á Xunta de Galicia a súa declaración como BIC garanta a vixíancia e conservación, colaborando o Concello con cantos trámites corresponda. Engade non esquecer o estado actual no que se atopa, pode supor un risco para aqueles que transiten pola zona, os usuarios da vía e do entorno, así como para os que pretendan acceder ao seu interior, para observar elementos arquitectónicos, polo que se deberían adoptar medidas ao respecto, limitando o acceso ao interior.

Tamén se refire á moción a estudar as posibilidades de acadar a titularidade pública por parte do concello, así como a elaboración de un plan ou proxecto para a súa posta en valor, que sirva de estímulo económico e de emprego e que xere maiores expectativas e oportunidades de futuro.

Conclúe a súa intervención, dicindo que hai que afondar na seguridade e catalogación da edificación, en canto elo que garanta a súa conservación ou preservación, e se traballe sobre a iniciativa que se persigue.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Comeza dicindo que está de acordo en partes da moción. Di que o 31 de xaneiro tivo unha entrevista co Conselleiro de Cultura e Educación, no que se lle trasladou a necesidade de





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

medidas urxentes para esta edificación, que a Xunta se fixese coa súa titularidade e as posibilidades do seu uso. O Conselleiro estivo receptivo ao respecto, compartindo a importancia que tería a rehabilitación de estas instalacións para poñelas en valor e darlles uso. Falouse na reunión de coantías económicas sobre a súa adquisición, que se trasladaron ao propietario, cifras que considerou insuficientes, dado o valor que o titular lle da a esta edificación. Engade que o equipo de goberno está totalmente de acordo en que unha vez rehabilitada, sería un xeito de relanzala como un monumento cultural, que sería de vital importancia para o concello.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que está de acordo co punto primeiro da moción, no senso de solicitar á Xunta que sexa declarada ben de interese cultural. No que se refire ao punto segundo, sobre a elaboración dun estudo técnico do estado de conservación, non está de acordo, xa que considera que debe ser o propietario quen elabore o proxecto. No que se refire ao punto terceiro, sobre á adopción das medidas para evitar riscos a persoas e usuarios da vía e do entorno, pon de manifesto que elo xa se fixo, cando xurdiu a situación, elaborando informes técnicos e requerindo ao propietario, que adoptou as medidas ordeadas. No que se refire aos puntos cuarto e quinto, referentes a acadar a titularidade pública e elaborar un proxecto sobre a súa posta en valor e utilización, pensa que non son quen para levar a cabo, xa que o concello de Friol non ten posibilidades económicas para elo, sen ir en detrimento dos servizos que ten que prestar.

A continuación intervén o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Está de acordo co exposto polo Sr. Alcalde, polo que, no que se refire á parte dispositiva da moción, non teñen problema en modificar o punto segundo, no senso de instar ao propietario a que realice o estudo técnico da conservación da edificación. Manteríase o primeiro punto, así como o terceiro, retirando os puntos cuarto e quinto, invitando, ao concello a que estea pendente de que así se desenvolva, e acadar da administración autonómica a declaración B.I.C.. Non obstante, insta que o concello estea pendente do desenvolvemento das actuacións, realizando nun momento posterior as actuacións correspondentes en orde á posta en valor, aproveitamento e utilización da Casa Torre de Friol, ligado a fins turísticos, culturais e/ou sociais que sirvan como estímulo económico e de emprego no Concello de Friol.

Despois de un cambio de impresións e cruce de intervencións ao respecto, entre o Sr. Alcalde e o concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos, propónse ao Pleno do concello, a aprobación da moción cos cambios propostos e consensuados polos concelleiros, quedando a parte dispositiva da mesma do xeito que a continuación se transcribe:

- "Instar á Xunta de Galicia a que declare como B.I.C. (Ben de interese Cultural) a Casa Torre de Friol, para o que o Concello de Friol, colaborará con cantos trámites corresponda.
- Instar ao propietario a que realice, un estudo técnico do estado de conservación da Casa Torre de Friol e do risco de derrubamento que pode existir na mesma para avaliar os riscos que podan existir para as persoas tanto no seu perímetro como no interior.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar riscos para as persoas e usuarios da vía e do entorno".





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista do actúado, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestarlle aprobación, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

3.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, correspondentes aos meses de outubro, novembro e decembro de dous mil dezaseis, que lle foron entregadas ao concelleiro Sr. Santos Ramos en soporte dixital, o día da sesión extraordinaria do pleno, celebrada o trece de marzo do actual. Á maior brevidade posible, procederáse a unha próxima entrega.

4.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das cuestións que a continuación se relacionan, de interese para o mesmo, que a continuación se transcriben, sen que se formulen observacións ao respecto:

- En cumprimento do disposto no art. 15.3 da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na lei orgánica 2/2012 2/2012, de 2 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, comunicáronse ao Ministerio a través da plataforma habilitada para elo, o infomre de avaliación e comunicación dos datos do orzamento, cumprindo co obxectivo de estabilidade que contempla o Plan Económico Financeiro aprobado, así como o nivel de débeda viva. Do que se dá coñecemento ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos.
- Dáse conta ao Pleno da resolución da Dirección Xeral de Administración Local (Vicepresidencia de Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), ao respecto da Tesourería do Concello. Á vista do disposto no art. 92 bis da Lei reguladora de bases de réxime local, introducido pola Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (Lei 27/2013, do 27 de decembro), nos art. 5 e 33 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo (de provisión de postos de traballo dos funcionarios/as con habilitación de carácter nacional) e o art. 45 do Decreto 42/2009, de 26 de febreiro (sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as de habilitación de carácter estatal), considerando que a data de hoxe danse as circunstancias para elo, a Dirección Xeral de Administración Local, no uso da competencia conferida polo art. 15.e da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e a Orde do 14 de maio de 2013, sobre delegación de competencias (DOG núm. 92, del 15 de maio de 2013) pode nomear accidentalmente para o posto a un funcionario da corporación local nas condicións que se determinan na lexislación aplicable.

Á vista das consideracións expostas no orzamento para o actual exercicio, por resolución da Alcaldía de dezaseis de marzo do actual, solicitouse que pola Comunidade Autónoma se pronuncie sobre a situación da Tesourería do Concello, desempeñada ata o momento polo funcionario da Corporación Don Jesús Morado López, á vista das consideracións expostas. Ao respecto, solicitouse da Comunidade Autónoma que, ao abeiro da normativa citada, se proceda ao nomeamento con carácter accidental, como Tesoureiro do Concello de Friol, ao funcionario Grupo A2 da Corporación Local D. Jesús





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Morado López, que ven desempeñando ditas funcións, desde o 9 de agosto de 1989.

Por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, de vinte e dous de marzo do actual, outorgouse a Don Jesús Morado López o nomeamento accidental no posto de Tesoureiro do Concello de Friol, ata a ocupación do posto.

- En relación coas axudas solicitadas para os servizos sociais e o seu financiamento, a Xunta de Goberno, na sesión celebrada o **27 de marzo do actual**, adoptou, entre outros, o acordo do que se transcribe a continuación o seu tenor literal:

"3.- SUBVENCIONS SERVIZOS SOCIAIS.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012 do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (D.O.G. 30 de marzo de 2012).

Á vista do disposto no Decreto de referencia e das memorias elaboradas polos servizos sociais do Concello, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade

ACORDA:

1. Que a prestación dos servizos sociais establecidos continúen nas mesmas condicións que no ano 2016, estándose na data actual co proceso selectivo para a contratación doutro Traballador Social, para a Agrupación Friol-Guntín, que prestará os servizos no Concello de Guntín.
2. Aprobar a solicitude de subvención para o devandito servizo polos conceptos que se indican a continuación:

PERSOAL (traballador social)

- Axuda solicitada á Consellería : 33.630,00€
- Aportación dos Concellos (Guntín e Friol) : 32.091,64€
- Total : 65.721,64€

AXUDA NO FOGAR (Dependentes)

- Solicitude á Consellería : 212.080,80€
- Recadación prevista do copagamento dos usuarios : 37.000,00€
- Aportación municipal: 22.275,64€
- Orzamento total : 271.356,44€


AXUDA FOGAR (libre concurrencia)

- Solicitude á Consellería : 4.000,00€
- Recadación prevista do copagamento dos usuarios : 7.200,00€
- Solicitude á Excmá Deputación Provincial : 12.450,00€
- Aportación municipal: 7.700,00€
- Orzamento total : 31.350,00€

PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA (PAI)

- Solicitude á Consellería : 32.000,00€
- Recadación prevista do copagamento dos usuarios : 13.000,00€
- Aportación municipal: 9.000,00€
- Orzamento total : 54.000,00€

3. Comprometerse a aportar dos seus propios presupostos as cantidades anteriormente incluídas e para os conceptos que se sinalan.
4. Facultar ao Sr. Alcalde Presidente, para que en nome e representación do Concello, realice as xestións que sexan oportunas e asinar a documentación precisa para a efectividade deste acordo.
5. Dar traslado do presente acordo á Consellería competente en materia de Servizos Sociais aos efectos oportunos.





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

6. Dar conta ao Pleno do Concello, en cumprimento do disposto no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polo Sr. Alcalde pregúntase ao señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta na sesión, xa que non hai ningún presentado por escrito.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos fai un rogo, o senso de que o Concello acometa o antes posible o acondicionamento dos tramos das franxas de aparcamento en torno ás beirarrúas construídas recentemente na Avenida da Coruña, xa que está significando un deterioro do firme da calzada da mesma.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos pregunta cando se vai por en marcha a macroinversión prevista por Coren, no lugar de Pedrido. Engade que noutra ocasión que preguntou respondeuse que na seguinte primavera, a agora que é primavera pregunta, en que situación se atopa.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, pregunta pola colocación de paneis para as esquelas, carteis, etc. nas parroquias do concello.

En relación co rogo, o Sr. Alcalde responde que dita actuación vai prevista no proxecto que se incluíu no Plan Hurbe, que foi adxudicado recentemente pola Consellería, cree recordar que a empresa adxudicataria é Paco Gómez-Santiago e que o prazo de execución das obras pensa que é de seis meses.

No que se refire ás preguntas, di que no tema de Coren houbo atrasos, por prioridades da empresa empezaron antes o do Sixto. Elo foi debido ao cambio de actividades previstas inicialmente, o que deu lugar ao cambio de proxectos e das tramitacións sectoriais esixidas.

Polo que se refire á pregunta dos paneis, di que xa están adquiridos e van poñerse en abril. Non puido acometerse antes, xa que con motivo dos actos da feira do queixo, os traballadores non deron feito mais

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.

